

EXPEDIENTE: 48997 / 446

TIPO. EXPTE: PROC. ABERTO SIMPLIFICADO: SUBMINISTRO

SOLICITANTE: SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS

ASUNTO: INFORME DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ECONÓMICAS (**SOBRE B**) PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO EXPEDIENTE **48997/446**. CONTRATO SUBMINISTRO DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE.

DESTINATARIO: MESA DE CONTRATACIÓN – CONCELLO DE VIGO

I.- ANTECEDENTES

- 1.- En data 12 de febreiro de 2021, xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 15 de febreiro de 2021, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do Subministro e instalación de varanda de aceiro inoxidable para o paseo das zonas verdes de Samil (expte. 48997/446).
- 2.- En data 19 de febreiro de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 20 de febreiro de 2021, a memoria económica (MEC).
- 3.- En data 15 de marzo de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 202100024096, por importe de 121.000,00€.
- 4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 16 de marzo de 2021, asínase polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- 5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 20 de abril de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, da mesma data.
- 6.- En data 21 de abril de 2021, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación, con data 21 de abril de 2021.

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC no 202100024096).

9.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de maio de 2021 aproba o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE PARA O PASEO DAS ZONAS VERDES DE SAMIL, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 16 de marzo de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 21 de abril de 2021.

II. DESENVOLVEMENTO DO INFORME DE VALORACIÓN DO SOBRE B:

1º.- OFERTAS ACEPTADAS POLA MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de maio de 2021 realiza a Apertura administrativa e económica do Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446).

En acto público, a Mesa de Contratación procede a descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

| | Licitador | Prezo unitario ml. valado aceiro inoxidable AISI 316L instalado |
|----|--|--|
| 1 | CALFENSA PROYECTOS, S.L. | 251,50 € |
| 2 | JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE) | 179,00 € |
| 3 | FRANCISCO EIRAS IGLESIAS | 261,60 € |
| 4 | GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. | 277,09 € |
| 5 | HIRPANEL DEL NORTE, S.L. | 258,64 € |
| 6 | LAPATIÁN, S.L. | 247,38 € |
| 7 | OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L. | 280,55 € |
| 8 | PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. | 215,38 € |
| 9 | SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS | 252,28 € |
| 10 | ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. | 238,85 € |

A mesa de contratación compróba a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade:

Admitir aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
2. FRANCISCO EIRAS IGLESIAS
3. LAPATIÁN, S.L.
4. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

Conceder un prazo de tres días aos licitadores que deseguido se relacionan para que poidan emendar a documentación persoal, concretamente deberán presentar o Anexo II ao PCAP esixido na cláusula 14.3B do e apartado 6B do Anexo I -FEC-:

1. JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE)
2. GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.
3. HIRPANEL DEL NORTE, S.L.
4. OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.
5. PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U.
6. SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS

O prazo para presentar a devandita documentación rematou o día 28 de maio de 2021, obtendo o seguinte resultado:

- JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE): non subsana correctamente a documentación requerida e ademáis presenta outra oferta diferente.
- PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U.: subsana ben a documentación requerida.
- OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.: subsana ben a documentación requerida.
- GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. non presenta a documentación requerida
- SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS: non presenta a documentación requerida.

Polo anteriormente descrito, as empresas que estarían admitidas no proceso de selección serían:

| <i>EMPRESAS ADMITIDAS NO PROCESO DE CONTRATACION</i> | <i>PREZO UNITARIO ML VALADO</i> |
|--|---------------------------------|
| CALFENSA PROYECTOS SL | 251,50 € |
| FRANCISCO EIRAS IGLESIAS | 261,60 € |
| HIRPANEL DEL NORTE, S.L. | 258,64 € |
| LAPATIÁN, S.L. | 247,38 € |
| OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L. | 280,55 € |
| PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. | 215,38 € |
| ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. | 238,85 € |

2º.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA:

Para a valoración das ofertas procede a realización do seguinte informe, atendendo aos criterios definidos nos apartados 7.B das FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC), que contén o PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 6 de maio de 2021, e que se inclúen a continuación:

7.B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Redución do prezo unitario do metro lineal de valado de aceiro inoxidable AISI 316L instalado:

As ofertas ordenaranse segundo o prezo ofertado de menor a maior por canto este é o único criterio de adxudicación.

CLÁUSULA 18.- CRITERIOS ANORMALMENTE BAIAS PARA A CONSIDERACIÓN DE OFERTAS

1.- Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

a) Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración que sexa o prezo, se aplicarán os parámetros obxectivos que se se prevexan regulamentariamente.

Atendendo ao Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba el **Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas**, na sección 4.a "Procedementos aberto, restrinxido e negociado", no Artigo 85, establecece:

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

3º.- VALORACIÓN DAS OFERTAS

Atendendo ao indicado no apartado anterior se presenta as seguintes táboas:

| CONTRATO SUBMINISTRO DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE. | | | | | |
|---|---------------------------------|---------------------------|-------------------------|------------------------------|--------|
| Nº EXPEDIENTE | 48997-446 | CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN | UN | EMPRESAS ADMITIDAS | 7 |
| PREZO DE LICITACIÓN ML VALADO: | | | | 284,35 € | 10,00% |
| <i>EMPRESAS ADMITIDAS NO PROCESO DE CONTRATACION</i> | <i>PREZO UNITARIO ML VALADO</i> | <i>porcentual</i> | <i>Media Aritmética</i> | <i>Media Aritmética + 10</i> | |
| CALFENSA PROYECTOS SL | 251,50 € | 11,55% | 11,88% | 21,88% | |
| FRANCISCO EIRAS IGLESIAS | 261,60 € | 8,00% | | | |
| HIRPANEL DEL NORTE, S.L. | 258,64 € | 9,04% | | | |
| LAPATIÁN, S.L. | 247,38 € | 13,00% | | | |
| OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L. | 280,55 € | 1,34% | | | |
| PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. | 215,38 € | 24,26% | | | |
| ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. | 238,85 € | 16,00% | | | |

Táboa 1: Cálculo de valores desproporcionados.

| <i>EMPRESAS ADMITIDAS NO PROCESO DE CONTRATACION</i> | <i>PREZO UNITARIO ML VALADO</i> | <i>porcentual</i> | <i>Media Aritmetica</i> | <i>Media Aritmetica + 10</i> | <i>(Media Aritmetica + 10)+ 10</i> |
|--|---------------------------------|-------------------|-------------------------|------------------------------|--|
| CALFENSA PROYECTOS SL | 251,50 € | 11,55% | 11,88% | 21,88% | 31,88% |
| FRANCISCO EIRAS IGLESIAS | 261,60 € | 8,00% | | | |
| HIRPANEL DEL NORTE, S.L. | 258,64 € | 9,04% | | | |
| LAPATIÁN, S.L. | 247,38 € | 13,00% | | | |
| OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L. | 280,55 € | 1,34% | | | |
| PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. | 215,38 € | 24,26% | | | |
| ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. | 238,85 € | 16,00% | | | |

Táboa 2: Verificación de criterio do Regulamento da LCSP para o cálculo de nova media.

| <i>EMPRESAS ADMITIDAS NO PROCESO DE CONTRATACION</i> | <i>PREZO UNITARIO ML VALADO</i> | <i>porcentual</i> | <i>Media Aritmetica</i> | <i>Media Aritmetica + 10</i> |
|--|---------------------------------|-------------------|-------------------------|----------------------------------|
| CALFENSA PROYECTOS SL | 251,50 € | 11,55% | 11,88% | 21,88% |
| FRANCISCO EIRAS IGLESIAS | 261,60 € | 8,00% | | |
| HIRPANEL DEL NORTE, S.L. | 258,64 € | 9,04% | | |
| LAPATIÁN, S.L. | 247,38 € | 13,00% | | |
| OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L. | 280,55 € | 1,34% | | |
| PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. | 215,38 € | 24,26% | | |
| ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. | 238,85 € | 16,00% | | |

Táboa 3: Resultado dos criterios da análise dos valores desproporcionados.

3º.- CONCLUSIÓN INFORME

Segundo os cálculos efectuados neste informe, as proposicións dos seguintes licitadores conteñen ofertas anormalmente baixas:

PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U.

Dáse traslado do presente informe para consideración da Mesa de contratación.

RCGF/icg

Vigo, na data da sinatura dixital que figura na marxe,

O enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.- Roberto Carlos González Fernández

O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.- Gilberto Moldes Crespo